



CONCELLO PONTECESO

# **BANDO DA** **ALCALDIA**

Con motivo da celebración das festas do San Xoán 2017, resulta necesario regular algúns dos aspectos da nosa convivencia cidadá.

O presente bando ven a determinar as disposicións mínimas a cumprir para o mellor desfrute das destas das lumaradas de San Xoán

En consecuencia e en uso das facultades concedidas no artigo 124g da Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

## **DISPOÑO;**

### **1.LUMARADAS**

- O horario das lumaradas establecece a partir das 18:00h do día 23 de xuño ata as 04:00h do día 24 de xuño.
- As lumaradas non poderán ter unha altura superior á que determinen os Servizos de Emerxencias e Seguridade Municipais que as inspeccionen, e que en todo caso estará en función da súa situación, das distancias e edificios e a outros elementos do ámbito.
- Non se poderán realizar lumaradas preto de colectores, vehículos, vivendas, etc. (segundo os criterios do punto anterior e en todo caso cunha separación mínima de 15 metros)
- Non está permitido a realización de lumaradas nas zonas verdes, parques infantís ou nas súas proximidades.
- Non está permitido o uso de combustibles nin acelerantes nas lumaradas. As sardiñadas e barbacoas e separaranse suficientemente das lumaradas.
- Non se poderá acender lumaradas sen a protección do chan con area ou materiais similares.
- As sardiñadas, barbacoas e similares non poderán realizarse ocupando calzadas sin previo aviso nin entorpecer a circulación de vehículos; deberán limparse ao finalizar ou o día seguinte, debendo de comprobarse que están apagados os

rescaldos antes de rematar; a barbacoas, grella ou similar non poderá estar apoiada directamente no chan (altura mínima 40 cm).

- Deberán contar con extintor, caldeiros de auga, manguera ou un sistema similar para actuación ante emerxencias.
- Nas zonas onde se realicen as lumaradas, sardiñadas, barbacoas e similares, unha vez finalizadas, as persoas responsables das mesmas deberán restablecer as condicións de limpeza, seguridade, hixiene e ornato público.

## **2. SERVIZOS DE SEGURIDADE E EMERXENCIAS**

- Os servizos de Seguridade e Emerxencias Municipais (Policía Local e G.E.S.) velarán polo cumprimento do regulado nesta disposición e no resto das ordenanzas municipais, de forma que no suposto de que as persoas responsables de instalacións, actos, eventos (incluídos a celebración de lumaradas, sardiñadas, barbacoas ou similares) non as retiren ou modifiquen voluntariamente en caso de ser requiridos para iso por razóns de seguridade, poidan proceder á súa retirada inmediata e traslado onde se estime necesario, iso sen prexuízo da iniciación, se é o caso, do expediente sancionador que puidese corresponder. En caso de emerxencia chamar o 112.

## **3. EVENTOS E ACTOS, SARDIÑADAS, BARBACOAS E SIMILARES**

- Recórdase que a celebración de lumaradas, sardiñadas, barbacoas ou actos similares con motivo da celebración das festas do San Xoán están suxeitas a comunicalo ao Concello por escrito ou e-mail ([concello@ponteceso.net](mailto:concello@ponteceso.net)) indicando os datos da persoa responsable antes das 23:30h do día 22 de xuño de 2017.

## **4. NORMAS COMPLEMENTARIAS**

- A concellería de Seguridade Cidadá queda autorizada para ditar as instrucións complementarias que as circunstancias e o desenvolvemento dos festexos esixan.

A Alcaldía agradece a colaboración de todos os veciños de Ponteceso na celebración desta festa tan tradicional no país, así como a todos os visitantes que estes días nos acompañen na celebración das festas do San Xoán 2017.

Ponteceso, 15 de xuño de 2017

O ALCALDE,

Asdo: Xosé Lois García Carballido

